

## RESOLUCIÓN REITORAL POLA QUE SE APROBA A ORGANIZACIÓN DO OBRADOIRO "AULA PERMANENTE DE MÚSICA TRADICIONAL GALEGA DO CAMPUS DE PONTEVEDRA" PARA O CURSO 2025/2026.

A Vicerreitoría do campus de Pontevedra posúe capacidade para organizar cursos, obradoiros, conferencias, así como aquelas actividades que teñen como obxectivo, entre outros, a difusión do coñecemento e da cultura a través da extensión universitaria e a formación, en virtude das facultades que lle outorgan a Lei Orgánica 2/2023, do 22 de marzo, do Sistema Universitario, e os Estatutos da Universidade de Vigo, aprobados polo Decreto 13/2019, do 24 de xaneiro, e publicados no DOG nº 38, do 22 de febreiro do 2019.

Tendo en conta o anterior, esta reitoría **RESOLVE**:

- 1 Anunciar a celebración do obradoiro "Aula permanente de música tradicional galega do campus de Pontevedra para o curso 2025/2026, con suxeición ás bases que figuran no Anexo I.
2. Ordenar a publicación da presente resolución no taboleiro da sede electrónica <https://sede.uvigo.gal/>

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer recurso perante a xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses contados dende o día seguinte á súa publicación, de conformidade co disposto na Lei 29/ 1998 do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Así e todo, as persoas interesadas poderán optar por interpoñer contra esta resolución recurso de reposición no prazo dun mes contado a partir do día seguinte á publicación da presente resolución, perante o mesmo órgano que a ditou. Neste caso, non se poderá interpoñer un recurso contencioso- administrativo ata que sexa resalto expresamente ou se producise a desestimación presunta do recurso de reposición interposto, segundo o previsto no artigo 123.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

O reitor

Por delegación R.R. do 30/05/2024 (D.O.G. do 10 de xuño)

A vicerreitora do campus de Pontevedra

Eva María Lantarón Caeiro



## ANEXO I

### **OBRADOIRO "Aula Permanente de Música Tradicional Galega campus de Pontevedra" 2025/2026**

#### **OBXECTIVOS E TEMÁTICA**

1. Consolidar o obradoiro da Aula de Música Tradicional (AMT), como unha opción formativa no eido da música, dirixida principalmente a subministrar integrantes formados para o Grupo de Música Tradicional (GMT) do campus de Pontevedra. Ao mesmo tempo, a propia AMT, constitúese como un grupo con varias configuracións que pode realizar concertos de xeito independente sempre que sexa requirido para elo.
2. Continuidade na aprendizaxe e perfeccionamento do instrumento elixido así como formación en aspectos estruturais e etnolóxicos relacionados co mesmo.
3. Captación de novo alumnado para aumentar e enriquecer as posibilidades deste proxecto educativo musical.

#### **PROGRAMA**

1. Para o grupo de gaitas e percusión, a principal finalidade deste curso é continuar coa súa proxección pública. Fomentar actuacións do grupo, tanto no ámbito universitario coma no extra universitario, que redundarán na visibilidade do grupo e espertarán o interese pola aprendizaxe dos nosos instrumentos para a xente allea a este mundo. Para iso consolidarase o repertorio aprendido, e ampliarase con actuacións conxuntas con outras agrupacións musicais.
2. Para o grupo de zanfonas, o principal obxectivo é a plena consolidación do grupo actual de 7 zanfonas e a súa proxección como grupo versátil e manexable para moitos actos institucionais, nos que a gaita ou a percusión non sexan axeitados. Consolidarase o repertorio folclórico actual e será ampliado do mesmo xeito que no grupo de gaitas e percusión.
3. Para o resto dos instrumentos, centrarase este curso en integralos nalgún dos dous grupos, e seguir colaborando ca Orquestra de Instrumentos Populares Galegos que xa está en marcha dende xuño de 2023.

#### **DÍAS E HORAS**

Os luns de 16:00 a 21:00 horas en dous bloques:

Bloque I: do 15 de setembro de 2025 ata o 9 de febreiro de 2026

Setembro 2025: 15-22-29

Outubro 2025: 6-13-20-27

Novembro 2025: 3-10-17-24

Decembro 2025: 1-15



Xaneiro 2026: 12-19

Febreiro 2026: 2

Bloque II: do 9 de febreiro ata o 22 de xuño de 2026

Febreiro 2026: 9-23

Marzo 2026: 2-9-16-23

Abril 2026: 6-13-20-27

Maio 2026: 4-11-18-25

Xuño 2026: 1-8-15-22

## **LUGAR**

Salón de Actos da Escola de Enxeñaría Forestal.

## **DOCENTE**

Jesús Vaamonde Manteiga

## **TOTAL HORAS OBRADOIRO: 170**

Horas Bloque I: 80

Horas Bloque II: 90

## **PRAZAS: 80**

Prazas Bloque I: 40

Prazas Bloque II: 40

**MATRÍCULA:** [campusactivo.uvigo.gal](https://campusactivo.uvigo.gal)

O obradoiro vai dirixido inicialmente a membros da comunidade universitaria (PDI, PTXAS e Alumnos e alumnas) para os que se prevé unha reserva de 10 prazas en cada bloque.

As persoas interesadas, que non pertencen á comunidade universitaria da UVigo, deberán enviar un correo electrónico a [vic.pon@uvigo.gal](mailto:vic.pon@uvigo.gal) no que indicarán o seu nome completo e apelidos, DNI ou NIE, instrumento e modalidade de acceso (B ou C). O prazo será desde o día seguinte da publicación desta resolución reitoral no taboleiro de anuncios electrónicos da Universidade de Vigo ata o 3 de setembro de 2025, ás 23.59 horas (hora peninsular española). A presentación fóra de prazo supón a non admisión a trámite da solicitude.

Non se admitirán a trámite as solicitudes presentadas por outras vías.

Con obxecto de mellorar a calidade do ensino cada praza conleva un único instrumento. Desaparece este curso a posibilidade de optar a dous ou mais instrumentos, aunque en determinadas ocasións, a criterio do docente do obradoiro, poderase participar con diverso instrumental para a colaboración con outras



formacións.

Establécense tres modalidades de acceso:

- A. Persoal pertencente á comunidade universitaria (10 prazas).
- B. Persoal que formou parte do obradoiro no segundo cuadrimestre do curso 2024-2025 (20 prazas).
- C. Persoal externo (10 prazas).

As persoas das modalidades B e C, terán que ser declarados aptos nunha proba de selección da que se indicará data e lugar de celebración mediante correo electrónico e que se baseará nos seguintes criterios de selección:

Cada aspirante terá que interpretar co instrumento ao que opta unha melodía de libre elección durante un máximo de 3 minutos. Eses 3 minutos contan desde que o aspirante sube á tarima ata que baixa, e o tempo inclúe presentación (voluntaria), afinación (se fose precisa), preparación de música de fondo (para instrumentos de percusión) así como outros aspectos que considere oportunos.

A valoración abrangue os seguintes parámetros:

1. Afinación (de 0 a 10 puntos).
2. Precisión rítmica (de 0 a 10 puntos).
3. Expresividade musical (de 0 a 10 puntos).
4. Presenza e actitude na interpretación (de 0 a 10 puntos).

Total máximo posible: 40 puntos.

Ao remate da proba configurarase en ambos casos (B e C) un listado por orde de puntuación e adxudicaranse as prazas de maior a menor puntuación ata cubrir tódalas vacantes.

De non cubrirse as 10 prazas asignadas para as modalidades A e C, as restantes acumularanse na modalidade B. De ser así, esas prazas adxudicaríanse por orde de puntuación, seguindo a clasificación do listado e a puntuación acadada no mesmo.

As persoas seleccionadas recibirán un correo electrónico no que se lles indicará a data e o prazo para realizar a matrícula na plataforma campusactivo.uvigo.gal.

### **PREFERENCIAS E PRAZOS DE MATRÍCULA**

Bloque I:

- 4 e 5 de setembro de 2025. **Comunidade universitaria UVigo (Modalidade de acceso A): 10 PRAZAS.**
- 10 e 11 de setembro de 2025. **Persoas que realizaron o segundo cuadrimestre deste obradoiro no curso 2024/2025 (Modalidade de acceso B): 20 PRAZAS.**
- 11e 12 (ata ás 12.00 horas, horario peninsular) de setembro de 2025. **10 prazas para as persoas NON incluídas nos apartados anteriores**



## (Modalidade de acceso C).

### Bloque II:

- 27 e 28 de xaneiro de 2026. **Comunidade universitaria UVigo: 10 PRAZAS**
- 29 e 30 de xaneiro de 2026. **Persoas que realizaron o primeiro cuadrimestre deste obradoiro no curso 2025/2026: 30 PRAZAS máis as vacantes do prazo anterior.**
- 31 de xaneiro ao 2 de febreiro de 2026. **No caso de quedar vacantes, para todas as persoas en xeral.**

### **PREZO:**

Bloque I: 40,00€

Bloque II: 40,00€

As persoas pertencentes aos grupos determinados no acordo do Consello de Goberno da Universidade de Vigo de 24 de xaneiro de 2023 sobre a consideración de persoa pertencente á comunidade universitaria e de persoa vencellada á universidade de Vigo en relación coas actividades de extensión universitaria <https://secretaria.uvigo.gal/uv/web/normativa/public/normativa/documento/download/byhash/e1901dbafc20beee1ce2e97fe478b1d29a15850bdc63dbaafaf08c95b440f840> terán as seguintes reducións segundo ao grupo a que pertenzan:

- Colectivos dos grupos A e B: redución do 35 % sobre o prezo da matrícula.
- Colectivo do grupo C: redución do 20 % sobre o prezo da matrícula.

### **INFORMACIÓN SOBRE PROTECCIÓN DE DATOS:**

**INFORMASE QUE AS ACTIVIDADES OBXECTO DO PRESENTE OBRADOIRO PODERÁN SER RECOLLIDAS EN IMAXES E/OU GRAVACIÓNS QUE, Á SÚA VEZ, PODERÁN SER OBXECTO DE DIVULGACIÓN NA PÁXINA WEB OFICIAL DA UNIVERSIDADE DE VIGO, CONSONTE A NORMATIVA VIXENTE".**

De acordo co disposto no artigo 13 do Regulamento (UE) 2016/679, do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril, relativo á protección da persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se deroga a Directiva 95/ 46/CE (Regulamento Xeral de Protección de Datos ou "RXPD") e co disposto no artigo 11 da Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, informámoslle que os datos que vostede nos facilite na solicitude, serán tratados baixo a responsabilidade da Universidade de Vigo, coa finalidade de xestionar a convocatoria do obradoiro "Aula permanente de música tradicional galega para o curso 2025/2026 no campus de Pontevedra". Coa súa participación nesta convocatoria a Universidade de Vigo publicará os seus datos, de acordo cos principios de publicidade e transparencia, e conforme ás bases desta resolución. Non obstante e co fin de previr riscos para a publicidade de datos persoais de vítimas de violencia de xénero, dita circunstancia deberá comunicala a persoa afectada coa maior celeridade posible á Unidade de Igualdade da Universidade de Vigo ao teléfono 986813419 ou ao enderezo electrónico [igualdade@uvigo.gal](mailto:igualdade@uvigo.gal). Estes datos trataranse durante o tempo imprescindible para cumprir coa citada finalidade e serán conservados durante o prazo necesario para determinar as posibles responsabilidades que se puideran derivar de dita finalidade e do tratamento dos datos. Ten dereito a solicitar ao responsable do tratamento, en calquera momento, o acceso, rectificación ou supresión dos seus datos persoais e a limitación do seu tratamento. Tamén terá dereito a oporse ao devandito tratamento, así como a solicitar, salvo casos de interese público e/ou exercicio de poderes públicos, a portabilidade dos seus datos. Os devanditos



dereitos poderá exercelos mediante solicitude en sede electrónica da Universidade de Vigo <https://sede.uvigo.gal/> ou solicitude dirixida ao Reitor da Universidade de Vigo e presentada ante o rexistro da Universidade de Vigo, ou calquera dos rexistros indicados no artigo 16 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e remitida á Secretaría Xeral da Universidade de Vigo, Campus universitario Lagoas-Marcosende, 36310 Vigo (Pontevedra). Para máis información: <https://www.uvigo.gal/proteccion-datos>. Igualmente poderá dirixir dita solicitude directamente á Delegada de Protección de Datos da Universidade de Vigo, ao enderezo electrónico: [dpd@uvigo.gal](mailto:dpd@uvigo.gal). Así mesmo, se a súa solicitude non é atendida pola Universidade de Vigo, vostede ten dereito a presentar unha reclamación ante a Axencia Española de Protección de Datos (AEPD).

